

Logo de transcorre-lo prazo de información pública da modificación da "Ordenanza reguladora do prezo público por utilización do ximnasio municipal", ó non se presentaren reclamacións ou suxerencias dentro do dito prazo, enténdese elevado a definitivo o acordo adoptado polo Concello en Pleno na sesión do cinco de maio de 2006, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Procedéndose á publicación do texto definitivo.

ANEXO:

TEXTO MODIFICADO DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL.

Artigo 1.º . Fundamento e natureza.

En virtude do establecido no artigo 41 da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coa redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo; o Concello de Lousame establece o prezo público polo uso do ximnasio municipal.

Artigo 2.º . Feito imponible.

Constitúe o feito imponible o uso das dependencias, locais e aparellos do ximnasio municipal.

Artigo 3.º . Obrigados ó pagamento.

Estarán obrigados ó pagamento do prezo público as persoas físicas e xurídicas que soliciten o uso das instalacións do ximnasio municipal.

Artigo 4.º . Tarifas.

1.-O prezo público por utilización do ximnasio municipal aboarase polo sistema de autoliquidación.

2.-A tal efecto preséntanse as seguintes opcións:

A.1.) Bono anual de 11 meses. Cota anual de 60,00 euros por persoa, con dereito a tres (3) horas semanais.

A.2.) Bono mensual. Cota de 6,00 euros por persoa, con dereito a tres (3) horas semanais.

A.3.) Bono anual de 11 meses. Cota de 120,00 euros dous (2) días á semana, durante dúas (2) horas por clubs ou asociacións deportivas legalmente constituídos."

Artigo 5.º . Bonificación.

Terán bonificación do 50% do prezo público os minusválidos e mailos titulares de carné xove, así como os voluntarios da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lousame e os voluntarios do grupo de voluntariado do Concello de Lousame.

Artigo 6.º . Normas de xestión.

1.-Os interesados na utilización do ximnasio municipal solicitarán por escrito autorización, sinalando os días e horas a que opte.

2.-Concedida a autorización, ingresará en Tesourería municipal o importe do prezo público que corresponda, entregándosele documento acreditativo dos seus dereitos, no que constarán os días e horas que lle corresponden.

Disposición final.

O prezo público por utilización do ximnasio municipal e maila ordenanza correspondente, foron acordadas polo Pleno da Corporación municipal en sesión do 17 de novembro de 2000.

Comezará a rexer unha vez publicada no BOP, permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Lousame, 18 de xullo de 2006.

O alcalde.

Asdo.: José Santiago Freire Abeijón.